



PRESENTACIÓN DO CICLO “APRENDENDO EN FAMILIA”

Estimadas/os nais e pais do IES ROU de Vigo:

Dende a ANPA ROU queremos convidarvos por segundo ano ó Ciclo formativo “APRENDENDO EN FAMILIA”

XUSTIFICACIÓN

Segundo coa iniciativa do curso pasado queremos seguir coa escola de pais/nais con diferentes temas de interese para a xestión familiar e o acompañamento dos nosos fillos e fillas nesta aventura no instituto.

Como nais e pais consideramos tamén que a adolescencia, que é o momento vital das nosas fillas e fillos nesta etapa educativa é un reto en sí mesmo e un contexto con características específicas que debemos ter presente.

OBXECTIVO XERAL

- Poñer en marcha un espazo de comunicación e formación dirixido as familias no que crecer xuntos e xuntas e mellorar o noso día a día no seno da familia e co noso entorno.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Desenrolar actividades formativas dirixidas a nais e pais.
- Promover actividades comunicativas cara os alumnos/as sobre temas do seu interese.
- Propiciar un espazo de comunicación aberta onde propoñer temáticas e ideas para levar a cabo esta iniciativa.

ACTIVIDADES CONCRETAS

Comezaremos este curso 2022/2023 cunha actividade dirixida a nais e pais de 1º e 2º da ESO (cartel informativo adxunto)

I. CURSO EDIXGAL PARA NAIS E PAIS DE 1º o 2º da ESO.

Terá lugar no Salón de Actos do IES o vindeiro xoves 3 de novembro podendo elixir de 16:00 a 17:30 horas ou de 17:30 a 19 horas.

É imprescindible que os asistentes traian o ordenador do/a seu/súa fillo/a.

Para poder ter un control do aforo, solicitamos a todos/as interesados/as que fagan a súa inscrición no formulario que se vincula co código QR do cartel. As plazas son limitadas, é gratuito, e terán preferencia os socios e socias da ANPA.

ANIMÁDEVOS A DISFRUTAR DE ESTA CHARLA E ENVIARDE AS VOSAS PROPOSTAS PARA PRÓXIMAS ACTIVIDADES POLAS VÍAS DE CONTACTO DA ANPA ESPECIFICANDO “CICLO APRENDENDO EN FAMILIA”